



Xustificación

O GALP COSTA SOSTIBLE, respondendo ao seu compromiso de responsabilidade social, económica e ambiental co seu entorno, colabora cos promotores dos proxectos seleccionados na convocatoria anual de proxectos segundo a Orde do 24 de Maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas aos GALP para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP. Para elo, o GALP ofrece un programa de seguimento dos proxectos aprobados cun dobre obxectivo:

- Acompañar tecnicamente aos beneficiarios da convocatoria na execución das súas iniciativas.
- Contribuír á xeración e medición do impacto responsable das iniciativas financiadas a corto, medio e longo prazo.
- O GALP avanza en deseñar instrumentos e ferramentas de apoio que consisten en:
 - Asesoramento técnico individualizado no proceso de execución do proxecto.
 - Formación técnica.
 - Guías para a avaliación do impacto dos proxectos.
- Neste marco, o GALP COSTA SOSTIBLE solicita unha proposta de colaboración profesional na implementación dos instrumentos anteriores.





Obxecto da proposta presentada

Contribuír e fomentar a implementación efectiva e responsable dos proxectos financiados pola convocatoria de referencia, nestes intres un total de nove.

Isto lograrase a través do **asesoramento especializado no ámbito de xestión empresarial e responsabilidade social aos promotores das iniciativas aprobadas na Convocatoria de Proxectos do GALP.**

Procurarase un programa de asesoramento aos promotores que terá os seguintes compoñentes:

- **Asesoramento individual (por proxecto):** asesorarase aos promotores en diferentes ámbitos de xestión de proxectos e o empresarial co fin de fortalecer as capacidades para a execución do proxecto e a sostenibilidade dos seus resultados.
- **Formación – talleres especializados.** Ofreceranse catro talleres especializados nos que participarán todos os promotores. Trátase de fortalecer tecnicamente aos promotores dos proxectos, e promover ademais o traballo en rede entre os diferentes proxectos.
- **Incorporación da Responsabilidade Social no deseño, execución e avaliación dos proxectos.** Co fin de apoiar ao promotor ofrecerase:
 - o **Servizo de asesoramento.** o servizo arriba descrito inclúe a incorporación da RSC no desenvolvemento do proxecto.
 - o **Apoio á medición do impacto.** Diseñaranse unhas plantillas que faciliten a medición do impacto e a súa presentación posterior ao GALP.
 - o **Formación sobre RSC especificamente deseñada para os promotores (incluído como un dos catro talleres especializados previstos).**





Contido das propostas

Unha breve memoria técnica na que o licitante exporá a súa maneira de dar forma e concretar cada unha das partes do programa de asesoramento especificando os talleres especializados que se propoñen, e un cronograma de execución do mesmo tendo en conta as datas de xustificación dos proxectos aprobados.

Orzamento, onde aparecerá especificado o prezo do servizo de asesoramento por proxecto co IVE desagregado. No caso de renuncias o orzamento prorratearase ao número de promotores que fagan finalmente a actividade formativa (inicialmente 9).

Requisitos:

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

Prazo e forma de presentación:

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia sito na Rúa Matadoiro da localidade de Noia, ou por correo ordinario, neste caso serán adiantadas por correo electrónico ó enderezo gac4@accioncosteira.es
- O prazo de presentación rematará no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das seguintes bases (13 DE MARZO AS 14:00 HORAS).





Prezo do contrato

- O prezo máximo do contrato será de 21.780,00 € (IVE engadido) e farase efectivo segundo as anualidades de execución do asesoramento.

Valoración das ofertas

- 60 puntos á calidade técnica da proposta presentada dos cales 20 puntos asignarase ao plan de asesoramento individualizado.
- 40 puntos oferta económica.
- Aquelas propostas cuxo prezo sexa un dez por cento inferior a media das ofertas presentadas consideraranse baixas temerarias.

Relación de proxectos produtivos aprobados na convocatoria do ano 2017.

Proxecto	Promotor	Data Inicio Actividade
Diversificación Brigantia Viajes	Viajes Barreiro y Salgueiro, SL	Outubro 2018
Centro de Observación e Interpretación Ornitolóxico Costa da Morte	Miguel Fernández Sar	Outubro 2017
Liresca	M ^a Victoria Areas Domínguez	Outubro 2017
Restaurante Mariñeiro dous Garfos	M ^a Dolores Domínguez Pazos	Iniciada
Hotel do Mar Bela Fisterra	Bela Fisterra, SL	Xuño 2018
Mellora da Línea e Elaboración de Peixe Fresco Procedente da Pesca Costeira	Procesados Pesqueros Portosín, SLU	Outubro 2018
Ampliación de Instalacións e Desenvolvemento de Produto	Fair Fishery From Galicia, SL	Iniciada
Cabanas Mar de Fisterra	Cayetano Insua Rivas	Xuño 2018
Mellora da Trazabilidade e Loxística na Venda de Produto da Pesca Artesanal	Gabriel Lestón Romero	Iniciada

